



**Centenario de Xosé María Álvarez Blázquez.
Construtor dunha cidade de libros
Tui, 1915 - Vigo, 1985**

Exposición:
Do 17 de abril
ao 17 de maio de 2015

.....

Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO



O CENTENARIO DE XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ DENDE A FUNDACIÓN PENZOL

O pasado 4 de febreiro cumpríronse cen anos do nacemento en Tui de Xosé María Álvarez Blázquez, exemplo de home erudito e culto, que, ao longo da súa prolífica vida e coa súa inmensa capacidade de traballo, desenvolveu diferentes e complementarias actividades profesionais e vocacionais: escritor e crítico literario, editor e libreiro, arqueólogo e historiador, docente e colaborador en medios de comunicación ou conferenciante, entre outras. Facetas, todas elas encarreiradas a un fin concreto: a difusión e posta en valor da nosa lingua e da nosa cultura. Fiel aos seus ideais galeguistas dende a mocidade, malia os adversos tempos que despois lle tocou vivir, foi sempre, e maiormente, un home comprometido co seu país. “Comprometido co futuro da Terra”, tal que el mesmo gustaba de dicir.

Co gallo de tan excepcional aniversario, a Fundación Penzol, o Concello de Vigo, cidade da que no seu día foi cronista oficial, e mais a familia do homenaxeado queren unirse ás conmemoracións que han ter lugar neste ano coa montaxe dunha exposición que rememore vida e obra de tan nobre personalidade.

Aínda que xa no ano 2008 Álvarez Blázquez fora recoñecido como protagonista do Día das Letras Galegas, e como tal celebrado con numerosos actos, publicacións e tamén algunha mostra, a que hoxe nos ocupa ten a singularidade de salientar os valiosos fondos, tanto bibliográficos como documentais, que sobre o persoeiro atesouramos na Fundación Penzol, moitos deles procedentes da xenerosa doazón familiar feita a esta institución en 2012. Arrequéntanse para esta ocasión con outros materiais do arquivo familiar, fornecidos polos seus fillos e fillas. Achegas, as máis delas, de extraordinario valor testemuñal para unha maior comprensión do proceso de pescuda e mais de creación deste namorado dos libros, deste ourive de libros.

Contidos da exposición

- Mesas e peañas expositoras con material vario sobre o seu labor de poeta, narrador, investigador da literatura medieval e tradicional, arqueólogo, historiador, etnógrafo, estudoso da cidade de Vigo e editor.
- Expositores de parede con documentación de maior tamaño ou series, que complementan o enumerado do apartado anterior.
- Proxección de dous audiovisuais cunha fotobiografía e outros testemuños gráficos sobre a vida e obra do protagonista.
- *Tablets* con audio para uso individual nas que, con auriculares e baixo demanda, poden ser escoitados poemas do autor, recitados ou musicados por diferentes intérpretes.
- Recreación dun pequeno espazo de traballo e lecer, elaborado con algúns obxectos do seu domicilio particular.



O NAMORADO DOS LIBROS

O libro foi a máquina principal da factoría multidisciplinar de Xosé María Álvarez Blázquez. Fabricante de libros desde a nenez, artesán dun estilo de letra manual inspirada nos tipos de imprenta, coleccionista, libreiro de compravenda, editor e distribuidor residente na fronteira das linotipias, a súa paixón supera os lindeiros da bibliofilia clásica e atinxe dimensión de causa absoluta. Contra a morea de dificultades que a vida opuxo ao curso dos seus desexos e obxectivos, o amante dos obxectos fermosos conseguiu edificar unha magnífica cidade de libros, unha urbe na que dialogan en equilibrio varias bibliotecas de complementaria entidade: a da almoeda heteroxénea, inxente e sometida a permanente transformación, subministro frecuente de substancia nutritiva para o investigador, para o buscador de tesouros manuscritos; a do despacho privado, territorio claustal, paisaxe esencial da creación, denso centro da cultura medieval e da historiografía local, da arqueoloxía e a literatura galega; a de Edicións Monterrey, obradoiro selectísimo, unha das primeiras plataformas da recuperación da nosa voz colectiva desde 1936; e a de Edicións Castrelos, motor decisivo no proceso de normalización cultural de Galiza, cerna de moitos proxectos posteriores, empeño titánico e logro espléndido da vontade de Xosé María Álvarez Blázquez.

Esa forza de vontade, tensión positiva e vitalista, paciencia enérxica e resistente fronte á morte e contra o principio aniquilador que preside os programas da sublevación fascista e da ditadura, diseña o rumbo dunha biografía cuxos alicerces intelectuais e ideolóxicos aséntanse xa no soño da mocidade. Sorprende comprobar como algunhas das liñas principais da creación poética e da investigación arqueolóxica, etnográfica e literaria chantan as súas raíces na xeira remota da adolescencia. A min confórtame moito saber que aquel neno, que “sempre andaba un algo atrasado, por mor dun libro sen rematar de ler, por mor dunha palabra que non atopaba rexistrada, ou —porque toda curiosidade lle cabía no peito— por ollar o despacioso traballiño dunha araña”, conseguiu transitar os duros camiños da existencia sen deixarse vencer polo peso da sombra. Que percorreu o itinerario vertixinoso da vida (un gas, como dicía María Blázquez, a súa nai) auxiliado por intelixente estratexia de “pasensioso”. Que, tal como testemuñou o seu irmán, meu tío e padriño Emilio Álvarez Blázquez, “sufriu desterro, persecución, inxustiza, cativezas e seguiu namorado dos versos, dos libros, da historia, das descubertas, das edicións, da amizade, do traballo”. Que nos deixou moito consolo a súa memoria, a do escritor e editor infatigábel que viviu sempre co fito de Galiza chantado no centro do horizonte, a do amigo cordial de conversa engaiolante, a do home namorado desde o poema sen voz para María Luísa até o solpor de dous, de mans collidas pola beira do mar de Coruxo, a do pai que cultivou con especial dedicación a roseira do amencer de Colorín e agarimou con terra man ferida de amor as horas das súas fillas e fillos e segue a ser canle secreta da miña propia alba insomne.

Centenario de Xosé María Álvarez Blázquez. Construtor dunha cidade de libros

Tui, 1915 - Vigo, 1985

Exposición promovida pola Fundación Penzol, o Concello de Vigo e a familia Álvarez Cáccamo

COMISARIADO E SELECCIÓN DE FONDOS

Berta Álvarez Cáccamo
Xosé María Álvarez Cáccamo
María Dolores Cabrera Iglesias

DOCUMENTACIÓN

Benito Ramírez Abal
Marián Vidal Fraile
Persoal da Fundación Penzol

Fondos

Arquivo e Biblioteca Fundación Penzol
Arquivo e Biblioteca Francisco Fernández del Riego
Arquivo Familia Álvarez Cáccamo
Arquivo Editorial Galaxia

Agradecementos

Concello de Vigo
Compañía de Radio/Televisión de Galicia // AreladeFe // Eloi Caldeiro // Julen Cantabrana // CEIP Alexandre Bóveda de Vigo // Coro Novos Aires de Nigrán // Xabier Díaz // Francisco Domínguez // Faro de Vigo // Guillermo Fernández // Guadi Galego // Silvestre Gómez // Enrique Méndez // Orquestra de Cámara Galega // Isabel Parreño // Carmen Penín // Antón Piñeiro // Marlene Rodrigues // Xosé Lois Romero // Uxía Senlle // David Vázquez // Malores Villanueva

Agradecemento especial

A María Luísa Cáccamo Frieben e aos seus fillos e fillas Xosé María, Alfonso, Elena, Celso e Berta

Produción e montaxe

Editorial Galaxia / Merlín Comunicación

Deseño

Hayat Husein

Impresión

Lúa Gráfica

Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo

Do 17 de abril ao 17 de maio

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h.

Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h.

